

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI CELEBRADA O DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2015.

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	
D ^a Belén Cachafeiro Anta.	PP
CONCELLEIROS:	
D Ricardo Villaverde Iglesias.	PP
D ^a María Jesús Sineiro Vidal.	PP
D. Alejo Vidal Moreno.	PP
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP
D ^a Ana Isabel Doval Fraíz.	PS de G -PSOE
D. Miguel Pereira Fernández	PS de G -PSOE
D ^a María Abilleira Pomar.	F.F
D Roberto Jorge Correa.	BNG
SECRETARIA:	
D ^a . M ^a Elena Sueiro Fernández.	
AUSENTE, previa excusa:	
D. Vicente Búa Martínez.	PP
D. José Manuel Álvarez Sanmartín	PS de G -PSOE

En Forcarei a once de setembro de 2015, venres, sendo as trece horas cincuenta minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselhes copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declárase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- ACORDO PLENARIO EN DEFENSA DO SECTOR LACTEO.

A Sra. Alcaldesa da conta da reunión celebrada con anterioridade á celebración deste pleno para elaborar un acordo plenario conxunto e unánime de todos os grupos municipais nun tema tan importante para este concello.

Sometido o asunto a votación, apróbase, por unanimidade de membros presentes que supón maioría absoluta de membros da corporación, o seguinte **acordo plenario en defensa do sector lácteo:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Non cabe dúbida algunha da delicada situación que está atravesando o sector lácteo galego. O noso Concello, cunha vocación claramente gandeira, base da nosa economía produtiva, está claramente afectado por esta crise que pon os nosos gandeiros nunha situación límite, percibindo un prezo por litro moi por debaixo dos custos de produción. De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

Por outra banda, as explotacións do noso termo municipal adócanse case exclusivamente á



comercialización de leite, sen apenas transformar a materia prima, deixándoos cunha capacidade negociadora moi escasa por tratarse dun produto tan perecedeiro e por ser o eslavón máis débil da cadea que conforma a industria láctea.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terrible por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que "regalado".

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

Por estes e outros motivos os grupos municipais que compoñen o pleno de Forcarei, PP, PSOE e grupo mixto, ACORDAN:

1. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen á industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións de Forcarei.

É incomprendible que España consuma 9MT de leite mentres tan só produce 6MT e que aos gandeiros de Forcarei non se lles garanta a recollida de toda a produción.

2. Instar ao Goberno galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto, na actualidade fixado en 0,34 €/l+calidades+ive, para o cal se adoptarán as seguintes medidas:
 - a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión, a mesa do leite, coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como gratuíta mediadora e catalizadora de acordos, velando polo cumprimento destes.
 - b) Establecer, nese ámbito, os criterios de e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao anteriormente exposto, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.
 - c) Apoiar o funcionamento das OPL e dotar de máis capacidade operativa ao INLAC.
- 3) Demandar, maior control e vixilancia do cumprimento dos contratos lácteos e información sobre custos e marxes de produción. Instamos á xunta de Galicia a exercer como mediador e vixiante dos pactos entre partes.
- 4) Impulso do Concello de Forcarei dunha campaña de información para o fomento do consumo de leite nos nenos en idade escolar e instar á Xunta de Galicia a recuperar os programas de consumo de leite galego no ámbito escolar.

O Concello de Forcarei comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.



Realizaremos así mesmo unha declaración institucional de apoio aos nosos veciños gandeiros e instaremos á Xunta de Galicia a facer o mesmo neste momento tan duro para tantos produtores.

Dende este pleno municipal acordamos publicar un bando municipal de apoio ós gandeiros do noso concello.

- 5) Urxir á Xunta de Galicia a elaboración dun plan estratéxico para a industria e impulso do cooperativismo e promoción de proxectos produtivos dentro das mesmas.
- 6) Dende o concello comprometémonos a levar a cabo unha campaña de promoción do consumo de leite galego nas instalacións ou concesións administrativas municipais. Así mesmo, promoveremos o veto ás compañías que non cumpren coas esixencias da OCU e que son comercializadoras de leite.
- 7) Pedir do Goberno Galego o máximo rigor nos controles de trazabilidade actuais e a súa extensión a todo o proceso do produto, dende o gandeiro ao produto finalizado, incluídos os procesos industriais intermedios.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas cincuenta e cinco minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, comigo Secretaria, de todo o canto eu, dou fe.

Vtº e Pº
Alcaldesa,

Asdo: Belén Cachafeiro Anta.



A Secretaria

Asdo: Mª Elena Sueiro Fernández

